



Polbo

XUNTA DE GALICIA



Colección: **A Vida no mar salgado**

Idea e texto: **Fina Mosquera Roel**

Ilustracións: **Ana Sánchez Moreno**

Fotografía: **Miguel Sánchez Ortiz**

Edita:

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

D. X. de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

ISBN: 84-453-3358-5

Depósito legal: C-1725-2002

Imprime: Gráficas Sementeira





POLBO

Nome científico: *Octopus vulgaris*

Castelán: Pulpo


Éuscaro: Olagarroa

Catalán: Pop roquer

Inglés: Common Octopus

Francés: Pieuvre

Eu son un polbo. Teño o corpo mol.
A miña cabeza é moi grande e dela
saen oito brazos con ventosas.
Vivo no mar; nos fondos rochosos ou
areosos, preto da costa.
Polo día acóchome en refuxios natu-
rais chamados coveiras ou cunchais.
Saio pouco e dedícome a mira-lo que
pasa, pois son moi curioso.



Este polbo vive nun acuario.

Pola noite saio na procura da mantenza.
Sábenme as nécoras, ameixas, peixes e
tamén outros polbos máis pequenos.
Cos tentáculos atrapo as presas e inmo-
bilízoas con algo de veneno. Despois
lévoas ó meu refuxio.
A boca téñoa debaixo da cabeza. Seme-
lla o peteiro dun loro e pode con todo
tipo de cascas e cunchas.
Os restos de comida vounos deixando
de camiño ó meu refuxio ou na entrada,
por iso é doado atoparme.



En cada brazo teño dúas ringleiras de ventosas.

O polbo cabezón, que tamén se pesca nas nosas costas,
ten unha soa ringleira.

Se teño moita fame, podo chegar a come-los meus propios brazos. Non importa, vólvenme a saír.

Podo reptar polas rochas, andar ergueito nas puntas dos brazos coma unha araña ou nadar tranquilamente.

Teño a capacidade de muda-la cor para protexerme dos inimigos.

Adopto a cor do lugar onde estou e así paso desapercibido.

Ademais, pola cor pode saberse o meu estado de ánimo.

Se estou excitado, teño ondas azuis, co medo vólvome pálido, e a cor vermella indica que estou furioso.



Cando me sinto atacado, lanzo un chorro de tinta negra para despistar, vólome pálido e, soltando chorros de auga polo sifón, escapo velozmente cara a un refuxio seguro.

No inverno achégome á costa para reproducirme.

Cada macho busca unha femia e tenta namoralala con agarimos e caricias.

O macho recolle o seu paquete seminal cun dos seus tentáculos e deposítalo na cavidade da femia, exactamente como quen saca algo dun peto e o pon no peto doutro.

Ás veces, se a femia se separa, o brazo copulador despréndese e vai só en busca da femia.



Polbo macho cortexando a súa femia.

A femia pon ata 150.000 ovos transparentes en forma de acios e cóidaos durante dous meses.

Na primavera saen polbos pequeniños moi semellantes ós seus pais, pero de tres milímetros de lonxitude.

Se a auga está contaminada, os polbiños poden morrer.



Femia cuidando os ovos.
Cando saen os polbiños, a nai morre.

Poden capturarnos utilizando nasas, raña ou ó arrastre.

A raña é un instrumento formado por unha pedra atada a un pao.

Na pedra colócase un cebo. Cando o polbo ve o cebo, abrázase a el e o pescador cólleo cun trueiro e gárdao nun recipiente cerrado para que non escape. Nalgúns lugares estamos a desaparecer porque nos pescan en exceso.

Nunca se debe mercar un polbo de menos de 750 gramos.



Con estas nasas captúranse polbos.
Dentro da nasaponse algún animal saboroso.
Entran a comelo e logo non poden saír.



O polbo á feira é un prato exquisito que nunca falta nas feiras das vilas de Galicia.

Cocen o polbo durante corenta ou cincuenta minutos e alíñano con aceite, sal e pemento. ¡Din que está delicioso!

Nas lendas suecas fálase dun monstro, "o Kraken", semellante a un polbo xigante que tragaba barcos enteiros coa tripulación incluída.

A realidade é que os polbos poden chegar a medir 9 metros, pero téñense atopado luras xigantes de ata 20 metros.

¿Imaxinas unha lura do tamaño de dous autobuses?

Algún animal semellante:



As Luras



Glosario

Sifón: Tubo que sae da cabeza dos cefalópodos e serve para intercambiar auga.

Cefalópodos: Grupo de moluscos ós que lles saen os pés da cabeza, como por exemplo o polbo.

Brazo copulador: Tentáculo que usan os machos para introducir os espermatozoides no interior das femias.



Outros títulos da colección

Polbo
Rodaballo
Ourizo
Xurelo
Mexillón
Peixe Sapo
Centola
Camarón
Percebe

Brais
Carme
Antón
Ana



Ourizo



Rodaballo

Na rede estamos en: pescagalicia.com



CONSELLERÍA DE PESCA E
ASUNTOS MARÍTIMOS